

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 18.06.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 32198 (10/PNC-002622)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible impacto da reapertura da mina de cobre dos concellos de Touro e do Pino no marisqueo, na economía e no contorno natural da ría de Arousa, así como no medio ambiente e na saúde das persoas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 1.2 43891 (10/PNC-003509)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre a demanda ao Goberno central para levar a cabo as medidas necesarias destinadas a mellorar a regulación dos intercambios de cota no sector pesqueiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.3 45096 (10/PNC-003634)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Goberno central e á Comisión Europea do quebranto que supón para a frota palangreira galega a inclusión do marraxo na listaxe de especies migratorias de especial protección e conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019
- 1.4 48055 (10/PNC-003885)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 1.5 49249 (10/PNC-003982)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co nivel de execución dos recursos procedentes do Fondo Europeo

Marítimo e da Pesca

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

- 1.6 49582 (10/PNC-004011)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
 Sobre o deseño e a execución polo Goberno galego, no actual período de
 sesións, dun plan de actuación contra o furtivismo na reserva mariña dos
 Miñarzos, en Lira
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 1.7 50226 (10/PNC-004064)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María
 Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á
 mención de Galicia na etiquetaxe do mexillón
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019
- 1.8 50343 (10/PNC-004077)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 co conflito laboral existente na empresa Babcock MCS, concesionaria de
 servizos da Xunta de Galicia
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 483, do 05.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Flora María Miranda Pena

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 32198(10/PNC-002622)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co posible impacto da reapertura da mina de cobre dos concellos de Touro e do Pino no marisqueo, na economía e no contorno natural da ría de Arousa, así como no medio ambiente e na saúde das persoas

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 11:34
Nº Rexistro: 32198
Data envío: 11/06/2018 11:34:36.109



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**

Exposición de motivos

As confrarías e asociacións do sector pesqueiro sumáronse á veciñanza de Touro e Pino para solicitar que non se produza a reapertura da mina de Touro. Non obstante, a Xunta de Galicia continúa ignorando as súas demandas, xa que non quere renunciar a extracción de cen millóns de toneladas de cobre, sexa cal sexa o custe para a natureza, a economía local e a saúde.

A apertura da mina suporía a eliminación de 341 hectáreas de masa forestal e 150 de cultivos e de vexetación. A este dano ambiental habería que sumar tamén o resultante das seis voaduras de entre 9 e 16 toneladas de explosivo que se producirían todos os días a menos dun quilómetro de distancia de vinte núcleos poboacionais, nos que se atopan unha gardería e unha residencia da terceira idade.

As altas concentracións de metais pesado terían, ademais, un efecto moi nocivo no sector da pesca e do marisqueo, como xa quedou demostrado nas décadas pasadas. Segundo un estudo realizado por investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo, da Universidade de Swansea (Gales) e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, con sede en Vigo, a actividade mineira que se levou a cabo en Touro entre os anos 1973 e 1986 reduciu o número de salmóns



no río Ulla, así como o seu tamaño. O responsable de que isto sucedera foi o cobre que se extraeu da mina.

No que atinxe ao marisco, a actividade de Touro poría en perigo o sector de mar de Arousa, onde desemboca o Ulla e onde se atopa o maior banco marisqueiro de Galicia. O mar representa en Arousa o 1,33% da economía galega e supón case un terzo do valor engadido do sector, o que lle permite crear emprego para miles de familias, en concreto, para o 44% do marisqueo a pé, segundo datos do 2016. Nas lonxas de Arousa, movéronse ese ano máis de 91 millóns de euros e máis do 70% dos mexillóns producidos en Galicia.

A mina de Touro tamén afectaría moi negativamente a captación de auga potable dos concellos de Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa; e poría en perigo espazos protexidos como o Parque Nacional Illas Atlánticas e a Zona de Especial Conservación Ulla-Deza.

No eido ambiental, o 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, establece na súa disposición adicional segunda a obriga por parte dos anteriores Ministerios de Medio Ambiente, rural e Mariño, así como do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en colaboración cas comunidades autónomas, da realización antes do 1 de maio do 2012, dun inventario das instalacións de residuos mineiros clausuradas, incluídas as instalacións de residuos mineiros abandonadas, situadas en territorio español, que teñan un impacto medioambiental grave o que poidan converterse en medio ou corto prazo nunha ameaza grave para a saúde o seguridade das persoas e bens ou para o medio ambiente e que será actualizado periodicamente.



Pois ben, dito inventario existe e contempla a Mina de Touro como unha instalación mineira clausurada ou abandonada co un impacto medioambiental grave ou que pode converterse en medio ou curto prazo nunha ameaza grave para a saúde o seguridade das persoas e bens ou para o medio ambiente.

É a nosa obriga, polo tanto, opoñernos novamente a reapertura da mina de Touro e esixir que se protexan as especies animais ameazadas pola posible contaminación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Solicitar un informe ambiental e económico independente que reflexe o impacto que tería a reapertura da mina de Touro no marisqueo, na economía e na contorna natural de Arousa.
- Solicitar unha análise de riscos ambientais, e elaborado pola SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) de Galicia como asociación independente e composta por científicos do CSIC, previo a calquera procedemento de autorización administrativa segundo o disposto na Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental e en cumprimento do estipulado xerarquicamente na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, artigo 2 letras b) e c) como garantes do principio de prevención e do uso racional e defensa dos recursos naturais e do paisaxe.
- Que manteña a súa postura de 2015, que motivou a inclusión da Mina de Touro no inventario de instalacións mineiras cun impacto medioambiental



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 11:34
Nº Rexistro: 32198
Data envío: 11/06/2018 11:34:36.109



grave que se pode converter en medio ou corto prazo nunha ameaza grave para a saúde ou seguridade das persoas e bens ou para o medio ambiente.

- Empregar todos os mecanismos á súa disposición para evitar a reapertura da mina.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Deputada e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 11:32:47

Carmen Santos Queiruga na data 11/06/2018 11:32:56

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43891(10/PNC-003509)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a demanda ao Goberno central para levar a cabo as medidas necesarias destinadas a mellorar a regulación dos intercambios de cota no sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019

Á Mesa do Parlamento.

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martin Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A finais de ano, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Pesca, presentaba ao sector un proxecto de orde ministerial polo cal se propoñía un reparto de determinadas especies compartidos entre varios caladoiros.

Dende este Grupo Parlamentario compartimos a oportunidade e necesidade da norma que se pretende desenvolver por parte do Ministerio.

Por outra parte, consideramos que o contexto que determina o alcance, oportunidade e adecuación desta norma non debe limitarse unicamente á obriga de desembarque senón que debe prever e previr na medida do posible tanto as consecuencias que se derivan do Brexit, así como as recentes reformas que introduciu o Regulamento de Control e Medidas Técnicas, así como a futura adopción del Plan Plurianual para Augas Occidentais.

O propio sector fixo unha serie de alegacións poñendo de relevo que é fundamental que se garanta que este desenvolvemento normativo procure a non distorsión das posibilidades de pesca, de xeito que se manteña a estabilidade relativa e o mesmo equilibrio existente.

Fundamentalmente, fan referencia á posibilidade de intercambio de cotas con outros países para aqueles segmentos de frota e buques con maiores necesidades de consumo, en especial para paliar problemas ligados á obriga de desembarque.

Coñecíamos a primeiros de ano, que o goberno permitirá a cesión e venda de cotas entre buques de distintos censos e caladoiros, a reserva do 7% por parte do Estado, precisamente para levar a cabo este intercambio.



A nova orde complétase con aspectos como a prohibición da pesca dirixida ao ollomol e alfonsino, o reparto en base a criterios históricos e por último, a responsabilidade do armador, e non de todo o segmento de frota, cando irresponsablemente se consuma máis cota da dispoñible.

Por todo isto, este Grupo Parlamentario formula a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para que teña en conta os aspectos formulados polo sector pesqueiro galego, con especial incidencia en:

1. Mellora da regulación dos intercambios de cota de forma que permitan un mellor aproveitamento das posibilidades de pesca ao tempo que non se prexudique ao sector de artes menores.
2. Mellora da cota de anchoa na zona IXa para a flota de cerco do Cantábrico e Noroeste.
3. Revisión e adecuación da asignación por frota de especies coma o ollomol e alfonsinos.
4. Atención da demanda do sector de arrastre litoral para dispoñer de posibilidades de pesca e acceso a augas de Portugal en virtude do acordo recíproco de pesca suscrito entre ambos países.
5. Mellora da asignación de especies con presenza como pesca accidental e alto aproveitamento comercial, caso do atún vermello e o peixe espada.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSX: REXISTRO-NREX03/16-7
Validado
https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43891
Data envío: 16/01/2019 19:18:53.544**

Pedro Puy Fraga na data 16/01/2019 19:09:55

Teresa Egerique Mosquera na data 16/01/2019 19:12:41

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/01/2019 19:12:51

Alberto Pazos Couñago na data 16/01/2019 19:13:03

Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 19:13:17

Diego Calvo Pouso na data 16/01/2019 19:13:29

Marta Rodriguez Arias na data 16/01/2019 19:13:42

María Soraya Salorio Porrál na data 16/01/2019 19:14:03

Daniel Vega Pérez na data 16/01/2019 19:14:12

CSV REXISTRO-NREXc3/Wo-7
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45096(10/PNC-003634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Goberno central e á Comisión Europea do quebranto que supón para a frota palangreira galega a inclusión do marraxo na listaxe de especies migratorias de especial protección e conservación

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 11:10:49
Nº Rexistro: 45096
Data envío: 01/02/2019 11:10:49.251

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

O marraxo constitúe una especie de grande importancia para a frota palangreira galega, xa que supón o 10% das súas capturas anuais.

Se nos fixamos nas lonxas galegas, as descargas foron de máis de 52.000 quilos, a un prezo medio de 5 euros. Mais isto é so en fresco, porque a meirande parte do marraxo chega a Galicia conxelado. En total, as vendas alcanzaron un valor entre 8 e 10 millóns de euros entre 2016 e 2017.

O pasado mes de decembro, o presidente de CEPESCA alertou nunha visita a Vigo que México acababa de propoñer a inclusión do marraxo como especie protexida pola Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres.

Á petición de México axiña se sumaron outros 25 países, entre eles, recentemente a propia Comisión Europea. España foi o único estado europeo en votar en contra da inclusión do marraxo nesta listaxe con especial protección. España defendeu a situación vixente con este escualo, que xa figura no Apéndice II do Convenio da Convencións sobre Especies Migratorias.

Ao mesmo tempo, España, a través de Cepesca, insistiu en que as responsabilidades de regular este tipo de escualos deben ser a través das organizacións rexionais de pesca, xa que están mellor preparados para monitorizar o estado e o progreso de especies mariñas migratorias.

Dende logo, lamentamos que se teña materializado este apoio por parte de Bruxelas sen ter consultado ao sector, e sen tan sequera esperar ás recomendacións do panel

CSM-REXISTRO-ICID00IU-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 11:10:49
Nº Rexistro: 45096
Data envío: 01/02/2019 11:10:49.251

de expertos da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura (FAO).

Unha medida que suporá máis trabas á supervivencia da frota de palangre, anteriormente afectada pola normativa que prohibe cortar as aletas de tiburón a bordo de buques pesqueiros.

Tendo en conta esta situación, e sendo conscientes de que esta especie aporta un rendemento económico notable para a nosa frota de palangre, o grupo parlamentario popular de Galicia, presentamos a seguinte **proposición non de lei en comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en coñecemento do Goberno central e da Comisión Europea o quebranto que supón para a frota galega o feito de que se inclúa ao marraxo entre as novas especies coas que se busca reforzar a protección e conservación de especies migratorias.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/02/2019 11:03:16

Teresa Egerique Mosquera na data 01/02/2019 11:03:36

María Ángeles García Míguez na data 01/02/2019 11:03:46

Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2019 11:03:54

Martín Fernández Prado na data 01/02/2019 11:04:08

Jaime Castiñeira Broz na data 01/02/2019 11:04:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 11:10:49
Nº Rexistro: 45096
Data envío: 01/02/2019 11:10:49.251**

Marta Rodriguez Arias na data 01/02/2019 11:04:30

María Soraya Salorio Porral na data 01/02/2019 11:04:51

Daniel Vega Pérez na data 01/02/2019 11:05:01

CSV REXISTRO: f6G10c0JL-1
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 48055(10/PNC-003885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:02:38
Nº Rexistro: 48055
Data envío: 22/03/2019 12:02:38.811

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O sector da conserva é extremadamente relevante na economía de Galicia. Con preto de 16.000 persoas traballadoras en Galicia. A facturación do sector ascende anualmente a preto de 1,7 millóns de euros. A estrutura empresarial preséntase moi polarizada, xa que coexisten grandes multinacionais moi internacionalizadas cun elevado número de Pemes. Trátase dun sector concentrado, xa que o 18 % do total das empresas, concentran o 75 % da cifra de negocios e o 70 % do emprego. Estes datos foron extraídos do informe elaborado polo Clúster ANFACO-CECOPESCA no ano 2018.

De cara ás novas ameazas coas que se enfrenta o sector, na axenda 2030 publicada polo Goberno central, a UE ten un papel fundamental para orientar a globalización cara á inclusión e a sostibilidade, promovendo un comercio internacional aberto e baseado en regras transparentes e xustas. Por unha banda, supón a necesidade de exixir aos países dos que proceden as importacións o cumprimento e o respecto polas normas internacionais que garanten ás persoas traballadoras unhas condicións de traballo dignas, seguras e saudables,; Por outra débense eliminar as prácticas comerciais que consisten en vender por debaixo dos custes de fabricación.

Por parte do Goberno galego existen responsabilidades relativas á mellora da competitividade das empresas galegas, accións que se poden levar a cabo desde o noso territorio, entre outras cousas, porque a Xunta ten competencias en política industrial. Porén é necesario crear un plan de dinamización económica para os produtos elaborados da pesca. Neste plan deben participar todos os axentes implicados, e xirará arredor de tres piares básicos, a innovación, a formación e o financiamento, nel teranse en conta as variables propias da situación xeográfica de Galicia porque dela derívanse temas tan importantes como a eficiencia loxística e o establecemento de alianzas estratéxicas.

En canto á innovación é preciso incrementar as dotacións dos incentivos económicos dirixidos ás empresas e aos centros de investigación e innovación e establecer programas específicos de fomento de I+D+i **privado** coordinado cos

CSM-ncT-icvV80
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



centros públicos de investigación, para o desenvolvemento de tecnoloxías, que permitan as conexións necesarias á Internet.

É preciso continuar traballando na procura de valor engadido, no aumento da calidade dos produtos e na procura de posibles futuros nichos de mercado, así como nas propostas innovadoras de mercadotecnia.

Respecto á formación, hai que salientar, por unha banda a necesidade de desenvolver plans de formación para ocupados no sector da conserva, que permitan mellorar as capacidades dos cadros de persoal e incrementar a capacidade competitiva; e por outra, formar a persoas desempregadas para podermos contar con bolsas de persoal formado que se poida incorporar en calquera momento. Nesta liña non nos debemos esquecer da importancia que ten a formación na FP-Dual, un eido fundamental que debe vincular a formación recibida polo alumnado ás demandas do sector da conserva.


Por último, en canto ao financiamento, débense desenvolver liñas de axuda ás empresas en dificultades, pero tamén financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior. Débense revisar as condicións das axudas das concesión, vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.

Un plan conxunto de tres piares, que reflicte as responsabilidades dun Goberno que é o que xestiona os fondos e recursos públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1. Incremente as dotacións nos diferentes programas de incentivos económicos aprobados, tanto para empresas como para centros de investigación e innovación, revisando as condicións de concesión e vinculándoas ás garantías de estabilidade das empresas, e impedindo a súa utilización para favorecer a marcha das empresas fóra de Galicia.
2. Colabore co sector na procura de valor engadido para aumentar a calidade dos produtos, buscar posibles nichos de mercado, e propostas innovadoras de mercadotecnia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2019 12:02:38
Nº Registro: 48055
Data envío: 22/03/2019 12:02:38.811

3. Desenvolva un programa de fomento do I+D+i privado coordinado cos centros públicos de investigación.
4. Desenvolva plans de formación para ocupados do sector que permitan mellorar as capacidades dos traballadores, e polo tanto a capacidade competitiva.
5. Desenvolva plans de formación para desempregados que permitan a existencia de bolsas de traballadores coa formación axeitada para o sector.
6. Desenvolva plans específicos de FP-Dual que permita vincular a formación recibida polos alumnos ás necesidades formativas do sector.
7. Desenvolva liñas de axuda ás empresas en dificultades e financiar aqueles proxectos que lles permitan ser máis competitivos fronte ás empresas do exterior.


Pazo do Parlamento, 22 de marzo se 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:59:14

Patricia Otero Rodríguez na data 22/03/2019 11:59:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/03/2019 11:59:35



CSM: h:2019/03



Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49249(10/PNC-003982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co nivel de execución dos recursos procedentes do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2019 11:21:08
Nº Rexistro: 49249
Data envío: 17/04/2019 11:21:08.146

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, ao nivel de execución dos fondos FEMP por parte do Goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Comisario de Pesca da Comisión Europea, Karmenu Vela, a preguntas formuladas pola eurodeputada do BNG Ana Miranda, sobre o estado de execución dos fondos FEMP no período actual contestou que “a Comisión é consciente dos atrasos na execución do FEMP por parte do Estado español” e animou a este a acelerar a execución dos cartos dispoñíbeis toda vez que só ten comprometidos o 16.5%.

Toda vez que os fondos FEMP teñen moita importancia para Galiza o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Realizar todas as accións precisas para incrementar o grado de execución dos fondos FEMP.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2019 11:21:08
Nº Registro: 49249
Data envío: 17/04/2019 11:21:08.146

Presentar no Parlamento, no presente período de sesións, un informe detallado cos motivos da non execución dos fondos FEMP e as consecuencias, para os colectivos que terían que ser beneficiarios dos mesmos, por non telos executados.”

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/04/2019 11:12:48

Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2019 11:12:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/04/2019 11:12:57

CSV: REGISTRO/IN/UmD66
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2019 11:21:08
Nº Registro: 49249
Data envío: 17/04/2019 11:21:08.146

Olalla Rodil Fernández na data 17/04/2019 11:12:58

Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2019 11:13:00

Xosé Luis Bará Torres na data 17/04/2019 11:13:01

CSX: FEYJSTROJVLmD66
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 49582(10/PNC-004011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o deseño e a execución polo Goberno galego, no actual período de sesións, dun plan de actuación contra o furtivismo na reserva mariña dos Miñarzos, en Lira

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2019 13:51:08
Nº Rexistro: 49582
Data envío: 03/05/2019 13:51:08.561

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A cuestión do furtivismo resulta de claro e relevante interese para os socialistas, por iso temos achegado á comisión de pesca e marisqueo, varias propostas e preguntas sobre esta cuestión. A nosa posición, fronte ao maior inimigo da actividade marisqueira das nosas costas, é nítida, de defensa da legalidade, a produción e a calidade do traballo dos profesionais do mar.

Unha zona afectada gravemente é a Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira), de feito, así se puxo de manifesto recentemente, a raíz do debate no Parlamento de Galicia, sobre a concesión discrecional de indulto para Manuel Antonio Martínez Lustres, en relación á pena que se lle impuxo.

As persoas que traballan nesa zona, ven con indefensión como os furtivos, nese caso un grupo de persoas coñecidas na zona, actúan libremente. A veciñanza vive atemorizada ante estas persoas que actúan de xeito reiterado, e co temor de que se volvan a producir incidentes graves.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista temos proposto na Comisión de Pesca e Marisqueo cuestións como:

- a) axilizar os pagos ás confrarías que permiten contratar vixilancia, para reforzar esta;
- b) afondar nas políticas de sancións aos infractores e tamén á rede de beneficiarios do furtivismo;
- c) defender o valor das campañas de concienciación sobre o negativo do consumo de produtos que proceden do furtivismo.

Pero sempre que estas propostas foron presentadas polo PSdeG, atopámonos a un PP e á Xunta de Galicia, votando en contra, co argumento de que non cabía formular esas cuestións porque, ou ben non había problemas nesa cuestión específicas ou ben xa se está traballando nelas.



CSM-REXISTROdeGalicia
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2019 13:51:08
Nº Registro: 49582
Data envío: 03/05/2019 13:51:08.561

Sería, polo tanto, hoxe un bo momento para reflexionar sobre estas cuestión e celebraríamos que o PP se fose achegando de maneira clara ás posicións que os Socialistas vimos defendendo, evitaríanse situacións como a acontecida na Reserva Mariña dos Miñarzos.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a deseñar e levar a cabo un plan de actuación contra o furtivismo para a Reserva Mariña dos Miñarzos (Lira), dentro do actual período de sesións.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/05/2019 13:48:08

Patricia Otero Rodríguez na data 03/05/2019 13:48:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2019 13:48:28



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 50226(10/PNC-004064)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á mención de Galicia na etiquetaxe do mexillón

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2019 13:59:35
Nº Rexistro: 50226
Data envío: 28/05/2019 13:59:35.286



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo** e **Flora Miranda Pena** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal Xuperior de Xustiza de Galicia ven de desestimar o recurso interposto por ANFACO contra a instrución de maio de 2018 polo que se instaba os operadores do sector do mexillón a que retirasen calquera mención a Galicia cando o ingrediente principal non estivese amparado pola DOP.

Esta resolución xudicial ven a incidir no que levamos demandado dende fai tempo, a necesidade de evitar que nas liñas de venda de calquera lugar do mundo, tamén en Galicia, existan produtos que faga referencia á súa orixe galega se este non está dentro da DOP.

Ante a reacción que vimos de coñecer por parte de ANFACO da resolución xudicial, parece evidente que non van asumir a resolución e tratan de gañar tempo e continuar permitindo que se evite o prexuízo aos consumidores derivado da situación actual.

Compartimos a posición que a Xunta trasladou ao TSXG de que a posición voluntaria e libre de non incluírse da DOP de determinadas empresas, non pode excluír o cumprimento da normativa e, polo tanto, sendo libres para tomar esa decisión, deben coñecer que iso implica non facer ningunha referencia a Galicia na etiquetaxe dos produtos.

CSM-REXISTROB2PC-66JL4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





Entendemos que é o momento de tomar unha posición proactiva por parte da Xunta de forma que se controle esta situación, evitando que estas empresas continúen situando a referencia a Galicia na etiquetaxe dos seus produtos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar unha campaña, suficientemente dotada de medios e orzamento, de control do cumprimento da resolución do TSXG que insta aos operadores do sector do mexillón evitar calquera mención a Galicia cando o ingrediente non este amparado pola DOP Mexillón de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 28/05/2019 13:58:47

Flora María Miranda Pena na data 28/05/2019 13:58:55



CSV REXISTROB2PCa6.14

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2019 13:59:35
Nº Rexistro: 50226
Data envío: 28/05/2019 13:59:35.286



Luis Villares Naveira na data 28/05/2019 13:59:02

CSV, REXISTRO B2PCa6.U4
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 18.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 50343(10/PNC-004077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral existente na empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 483, 05.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 17:45:51
Nº Rexistro: 50343
Data envío: 29/05/2019 17:45:51.196

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da folga do persoal da empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal da principal concesionaria do servizo de helicópteros, Babcock MCS que forma parte da compañía británica Babcock Internacional Group, antiga INAER, iniciaron o venres 17 de maio unha folga, con calendario de paros ao longo do resto do mes de maio e tamén en xuño e xullo.

Esta protesta ven motivada pola pretensión da empresa de levar a cabo unha modificación substancial das condicións laborais consistente en aplicar uns recortes salariais de entre un 13 e un 30%, a pesares de ter anunciado beneficios millonarios.

@s traballadores/as non aceptan esta redución, e pola contra denuncian unha precarización progresiva do servizo, recorte do cadro de persoal en talleres e tripulacións, ou a falta de stock en pezas de reposto, o que ocasiona dilacións

CSM-REXISTRO689qR9FVj9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 17:45:51
Nº Rexistro: 50343
Data envío: 29/05/2019 17:45:51.196

nas pretensións. Aumento de carga de traballo e eliminación de dereitos adquiridos.

A Consellería do Mar ten subscrito coa empresa Babcock Mission Critical Services España, S.A.U. un contrato administrativo de servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia desde o 31 de outubro de 2017. Ao mesmo tempo a dita compañía tamén vén prestando os seus servizos á Consellería do Medio Rural a través dos contratos de servizo integrado de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais; do servizo integrado dun helicóptero e técnicos coordinadores con destino á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais; e o servizo integrado de helicópteros, técnicos coordinadores e técnicos analistas con destino á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais.

A situación denunciada pode repercutir directamente na seguridade das operacións que teñen que realizar e na calidade do servizo, polo que debe ser obxecto de ocupación por parte da Xunta de Galiza, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar as accións de mediación precisas entre a empresa Babcock MCS, concesionaria de servizos por parte da Xunta de Galiza, e @s traballadores/as para solucionar o conflito





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 29/05/2019 17:45:51

Nº Rexistro: 50343

Data envío: 29/05/2019 17:45:51.196

laboral de xeito que se garantan os seus dereitos laborais e evitar repercusión na calidade do servizo que teñen que prestar.”

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2019 17:40:50

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2019 17:40:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2019 17:40:55

CSV REXISTRO DE ENVIOS
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 17:45:51
Nº Registro: 50343
Data envío: 29/05/2019 17:45:51.196

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2019 17:40:57

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2019 17:40:58

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2019 17:40:59

CSX: REXISTROW&eqp3FV9
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

